



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xullo 2021

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xullo do ano 2021 acadou a cifra de 1.036.272 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xuño de 2021 de 14.552 afiliacións (1,42%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.591.728, rexistrando unha subida do 0,47% con respecto ao pasado mes de xuño.

Na comparativa interanual (xullo de 2021 con xullo de 2020) obsérvase un aumento de 30.604 afiliacións no total do sistema en Galicia (3,04%) e un aumento do 4,29% (806.174 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xuño de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en once comunidades autónomas, destacando Illes Balears (4,40%) e Cantabria (2,74%). En senso contrario, a maior diminución atopámola en Canarias (-0,78%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Murcia, Comunitat Valenciana e Andalucía (todas con taxas superiores ao 5,00%).

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.591.728	91.451	0,47	806.174	4,29
Galicia	1.036.272	14.552	1,42	30.604	3,04
Andalucía	3.166.349	-2.251	-0,07	157.160	5,22
Aragón	589.884	2.063	0,35	15.584	2,71
Asturias	371.262	4.736	1,29	10.976	3,05
Illes Balears	546.112	23.023	4,40	38.139	7,51
Canarias	774.306	-6.072	-0,78	13.298	1,75
Cantabria	227.230	6.062	2,74	8.960	4,10
Castilla La Mancha	738.605	3.018	0,41	33.006	4,68
Castilla y León	937.830	13.227	1,43	28.393	3,12
Cataluña	3.515.945	30.540	0,88	151.495	4,50
Comunitat Valenciana	1.954.060	11.446	0,59	97.766	5,27
Extremadura	407.161	3.886	0,96	14.642	3,73
Madrid	3.270.690	-9.530	-0,29	133.355	4,25
Murcia	621.515	-809	-0,13	33.840	5,76
Navarra	293.195	412	0,14	10.976	3,89
País Vasco	964.931	-1.442	-0,15	22.400	2,38
La Rioja	130.611	-308	-0,24	4.538	3,60
Ceuta e Melilla	45.770	-1.100	-2,35	1.043	2,33

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de xuño de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,58%, o que supón 15.288 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (3,05%), Lugo (2,10%) e, por último, Ourense (1,89%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xullo con respecto ás do mes de xuño de 2021, rexistrouse en Galicia unha subida do 1,42%. Todas as provincias amosan datos positivos, sendo Pontevedra a que máis crece (1,72%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	442.469	5.273	1,21	15.288	3,58
LUGO	124.096	1.987	1,63	2.554	2,10
OURENSE	103.591	1.115	1,09	1.925	1,89
PONTEVEDRA	366.116	6.177	1,72	10.838	3,05
GALICIA	1.036.272	14.552	1,42	30.604	3,04
ESPAÑA	19.591.728	91.451	0,47	806.174	4,29


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,8% das afiliacións galegas en xullo de 2021, aumentaron un 1,72% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 3,80%. En España estas taxas foron do 0,54% con respecto a xuño de 2021 e do 4,82% en relación ao mes de xullo de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,2%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (1,63%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,24%), a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,63%. Para este réxime e con respecto ao mes de xuño de 2021, soben todas as provincias, agás Lugo, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,19%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (1,85%) e intermensual (0,06%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xullo de 2020, caen todas as provincias, destacando A Coruña (-2,17%). A taxa galega acaba entón o -0,94%, sendo inferior á de España (1,21%). Con respecto a xuño de 2021, ascenden todas as provincias, principalmente Pontevedra (2,85%). A taxa galega amosa así un aumento do 2,58% con respecto a xuño de 2021. A taxa nacional é do 3,66%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XULLO 2021	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	442.469	1,21	3,58
LUGO	124.096	1,63	2,10
OURENSE	103.591	1,09	1,89
PONTEVEDRA	366.116	1,72	3,05
GALICIA	1.036.272	1,42	3,04
ESPAÑA	19.591.728	0,47	4,29
R. XERAL			
A CORUÑA	351.722	1,45	4,36
LUGO	89.560	2,28	3,43
OURENSE	80.281	1,39	2,56
PONTEVEDRA	284.649	1,98	3,57
GALICIA	806.212	1,72	3,80
ESPAÑA	16.201.226	0,54	4,82
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.149	0,14	0,84
LUGO	33.010	-0,10	-1,24
OURENSE	23.310	0,05	-0,34
PONTEVEDRA	68.177	0,43	1,63
GALICIA	209.646	0,19	0,63
ESPAÑA	3.322.961	0,06	1,85
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.598	2,29	-2,17
LUGO	1.527	1,34	-0,12
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.289	2,85	-0,51
GALICIA	20.414	2,58	-0,94
ESPAÑA	66.467	3,66	1,21

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de xullo de 2021 en Galicia, había 13.011 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (non de forza maior, de forza maior ou do RDL 30/2020 e posteriores), 5.768 menos con respecto aos notificados no mes anterior (-30,72%). No total de España, o número de afectados por un ERTE a 31 de xullo é de 331.486, producíndose unha diminución de 116.334 respecto ao peche de xuño deste ano (-25,98%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
CCAA	NOTIFICADOS A 31 DE XULLO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	331.486	-116.334	-25,98
Galicia	13.011	-5.768	-30,72
Andalucía	41.215	-16.176	-28,19
Aragón	6.430	-2.178	-25,30
Asturias	5.014	-2.366	-32,06
Illes Balears	23.748	2.458	11,55
Canarias	49.313	-21.638	-30,50
Cantabria	2.357	-1.718	-42,16
Castilla La Mancha	6.442	-2.077	-24,38
Castilla y León	12.697	-4.606	-26,62
Cataluña	62.255	-27.193	-30,40
Comunitat Valenciana	24.044	-10.787	-30,97
Extremadura	2.987	-971	-24,53
Madrid	59.739	-14.986	-20,05
Murcia	4.013	-1.457	-26,64
Navarra	2.777	-904	-24,56
País Vasco	12.584	-5.721	-31,25
La Rioja	1.916	-78	-3,91
Ceuta e Melilla	944	-168	-15,11

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada neste último mes ten lugar en Lugo (-41,78%) con 785 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS			
PROVINCIAS	NOTIFICADOS A 31 DE XULLO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	5.232	-2.956	-36,10
LUGO	1.094	-785	-41,78
OURENSE	1.615	-440	-21,41
PONTEVEDRA	5.070	-1.587	-23,84
GALICIA	13.011	-5.768	-30,72

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>